



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA REGULAR O RÉXIME DE LIBRAMENTOS DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS CON CARGO AOS ORZAMENTOS DE 2020

Antecedentes

A Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración galega ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para cumprir estes obxectivos ten que promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e da terminoloxía.

A Real Academia Galega (en adiante RAG) é unha entidade adscrita á Consellería de Cultura e Turismo, segundo o que establece o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia. Segundo o Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro, polo que se aproban os seus estatutos, a RAG é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego.

Razóns de oportunidade

A disposición adicional da citada Lei 3/1983, establece que nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, estimarase como criterio de autoridade o establecido pola RAG. Esta institución ten a obriga de levar a cabo un traballo continuado de actualización e modernización da nosa lingua para satisfacer as novas necesidades expresivas que se derivan da vida moderna e ofrecer directrices para o uso correcto do galego.

En consecuencia, dentro da función normalizadora que compete á Xunta de Galicia e a RAG, as dúas institucións teñen a obriga de traballar conxuntamente en materia de normalización lingüística do idioma galego. Por iso, dende o ano 1993 realizan diversos proxectos conxuntos, entre eles: o Dicionario bilingüe castelán-galego da RAG, a Gramática galega e a creación do Equipo de Traballo Sociolingüístico e o Servizo Terminoloxía Científico-Técnica en Lingua Galega (Termigal).

Nos capítulos IV e VII do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 figura dúas subvencións nominativas a favor da RAG por un importe total de 558.500,00 €, coa seguinte desagregación por aplicación orzamentaria:

- 11.40.151A.481.1: 500.000,00 €.
- 11.40.151A.781.0: 58.500,00 €





Co fin de establecer os requisitos de concesión destas subvencións nominativas a Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, considerase conveniente formalizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a RAG.

Obxectivos perseguidos

Este convenio ten por obxecto instrumentar o réxime de libramentos das subvencións nominativas que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 e que teñen por obxecto financiar os gastos de funcionamento e de investimento que lle orixine á RAG a realización dos traballos que dentro da súa programación anual leve a cabo en materia de normalización do idioma galego para accións culturais e de investigación lingüística de acordo co que se establece nos seus estatutos.

Esta programación engloba diversos proxectos de formación filolóxica e traballos de académicos e colaboradores que se levan a cabo coa finalidade de actualizar o coñecemento lingüístico de acordo coas necesidades da sociedade actual nas diferentes seccións de Literatura, Historia e de Lingua. Concretamente, nesta última funcionan os Seminarios de Gramática, Lexicografía, Onomástica, Sociolingüística e Terminoloxía galega

Os proxectos máis destacables que está realizando na actualidade a RAG nestes seminarios son:

Sección de Historia:

- Realizarase unha homenaxe a Carvalho Calero no colexio Fingoi en Lugo. Carvalho Calero, é a figura elixida para conmemorar o Día das Letras Galegas 2020, filólogo, escritor e primeiro catedrático de lingüística e literatura galega da Universidade de Santiago de Compostela. O homenaxeado residiu en Lugo entre 1950 e 1965, a onde se trasladou como profesor e conselleiro delegado do centro educativo, unha institución que apostou pola innovación e un ensino máis racional en pleno franquismo.
- Celebrarase a conmemoración do Centenario da Xeración Nós, denominación baixo a que un grupo de autores construíu un dos proxectos culturais colectivos máis singulares de Galicia e de toda a historia da literatura galega. Os protagonistas foron Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Antonio Losada Diéguez, Florentino L. Cuevillas ou Castelao, entre outros, que, entre os anos 1920 e 1936, desempeñaron un papel central na vida cultural e política de Galicia. Asemade, se editará unha antoloxía de textos sobre a lingua da época Nós, que se editará como *Anexos BRAG*.

Na **Sección de Lingua** funcionan os seminarios de Gramática, Lexicografía, Onomástica, Sociolingüística e Terminoloxía Galega.

Gramática:

- Encargarase de realizar estudos gramaticais sobre a lingua galega, e de maneira especial, neste momento, da redacción da Gramática da *Real Academia Galega*.





- Continuarán os traballos de ConVerSO (Construcións verbais e sintaxe da oración)
- O consultorio lingüístico ao que se lle dará un formato óptimo para visualizar na páxina web toda a información acumulada, de forma organizada e útil para posibles consultas.

Lexicografía:

O Seminario de Lexicografía encárgase da elaboración dos distintos dicionarios, de redactar os informes solicitados á RAG sobre todo tipo de cuestións léxicas e de manter actualizadas na páxina web as cuestións relacionadas co léxico.

- Realizarán a nova edición dos Cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros e españois de fóra de Galicia, correspondentes ao ano 2020.
- Continuarán os traballos de actualización e revisión do Dicionario da RAG.
- Revisión e actualización sistemática do léxico relacionado co ámbito das farmacias e do libro.
- Programación, en colaboración co seminario de Terminoloxía, dunhas xornadas para analizar a terminoloxía referida a algún ámbito de especialidade, e onde colaboren académicos e científicos ou técnicos do campo da especialidade.

Sociolingüística:

- Desenvólvense estudos que abranguen múltiples temas, como a elaboración de enquisas macrosociolingüísticas, a análise de actitudes lingüísticas ou a medición das competencias lingüísticas.
- Realizarase un traballo científico sobre transmisión lingüística interxeracional: *“Estudo comparativo da situación galega e Catalá.”*
- Utilizaranse *“Megaestudy”* *“Megaestudios”* para referirse ao campo da psicolingüística e para facilitar a toma de decisións neste ámbito. Ata o de agora non houbo en Galicia ningunha tentativa para producir unha tarefa de decisión léxica en galego baseada en grandes mostraxes. GALEX, a maior base de datos de decisión léxica presentada en Galicia súmase a esta tendencia.
- Continuarán os traballos para a creación dun Repositorio sociolingüístico galego onde se expoñan os principais resultados xunto cunha páxina web de apoio onde estean os datos principais e unha serie de material complementario.
- Realizarase unha análise en profundidade dos datos da *Enquisa de condicións de vida das familias do ano 2018, publicada no ano 2019* baixo o título: “Lingua e Sociedade Galega.”

Terminoloxía:

- Realizaranse traballos de terminoloxía puntual, que terán como finalidade primordial a resolución de dúbidas de todos os usuarios que traballen en galego no plano científico, técnico ou en calquera ámbito de especialidade.





- Traballarase prioritariamente nas especialidades de farmacia, en colaboración coa Academia de Farmacia de Galicia, e do libro (en todos os seus aspectos).
- Darase difusión á terminoloxía estudada a través da plataforma TERMIGAL, que cada día conta cun maior número de usuarios.
- Continuarase colaborando na revisión e actualización terminolóxica dos programas informáticos para a súa correcta localización ao galego, de maneira particular coa empresa Logrus, que é a responsable da versión ás linguas de Europa dos produtos de Microsoft.

Entre as publicacións previstas para o ano 2020 destaca a preparación do Boletín da Real Academia Galega número 380, que no ano 2020 dedicarase a Antonio Fraguas. Elaboraranse diversas monografías, tamén en edición dixital, como o discurso de ingreso de María Rosa Lojo, académica de honra, e o discurso de ingreso de Carvalho Calero (que será unha edición conmemorativa).

Realizaranse, ademais, actividades culturais, didácticas, efemérides e de restauración da **Casa-Museo Emilia Pardo Bazán**. O ano 2020 supón a antesala do centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán, o 12 de maio de 2021. A institución terá a oportunidade de promocionar e consolidar a imaxe pública desta intelectual, por iso, o obxectivo xeral será destacar a súa “laboriosidade admirable e curiosidade inextinguible” ademais da liberdade e autonomía intelectual e persoal que amosaba.

O feito de traballar constantemente nestes proxectos permítelles ás dúas institucións dispoñer dos instrumentos e recursos lingüísticos que lles son necesarios para actualizar, modernizar e facer unha revisión continúa da lingua galega, así como para enriquecela con novas expresións que fan dela unha lingua viva. Ademais estas revisións constantes posibilitan ter unha visión actualizada da situación e evolución da lingua que cambia constantemente ao igual que a realidade social, demográfica e sociolingüística de Galicia.

Os proxectos que desenvolve a RAG son de interese público e social para o cumprimento de fins ineludibles da Consellería de Cultura e Turismo no ámbito do desenvolvemento das súas competencias en materia de política lingüística. Especialmente para cubrir a necesidade de dispoñer de traballos filolóxicos, terminolóxicos e sociolingüísticos sobre a lingua e cultura galegas, co fin de cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega.

Os traballos que realiza a RAG resultan imprescindibles no proceso dinamizador e normalizador, así como para deseñar cantas medidas de actuación sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega e incrementar o seu uso dentro dos distintos sectores sociais de Galicia.

Imposibilidade de promover a concorrência

A única entidade que no ámbito da Comunidade Autónoma galega ten a exclusividade das competencias na elaboración e ditame de normas filolóxicas e terminolóxicas para o uso correcto da lingua galega é a RAG e para iso dispón do coñecemento e dos recursos





técnicos e humanos para realízalos que pon a disposición da consellería e da sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura e Turismo, como departamento da Xunta de Galicia coas competencias en materia de política lingüística, ten a obriga de actualizar e modernizar a lingua galega, enriquecela coas novas expresións derivadas dunha sociedade moderna e actual en constante evolución e posibilitar o seu uso correcto. A tal efecto é necesario realizar constantemente traballos sobre lexicografía e gramática que ten que realizar a única institución competente para iso.

As subvención deste convenio enmárcase dentro dos plans estratéxicos de subvencións da consellería que ten a obriga de traballar para dinamizar, protexer e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística. Por iso debe prestar apoio económico a aqueles proxectos e traballos que no eido do léxico e a terminoloxía realiza a RAG para garantir o uso correcto do idioma galego .

Trátase dunha subvención nominativa que figura nos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma a favor da RAG “para accións culturais e investigación lingüística”. A RAG coa súa actividade garante o cumprimento de obxectivos de interese público e social no ámbito lingüístico, tal e como establecen os seus Estatutos e a normativa en materia lingüística.

Polo que, tendo en conta a autoridade da institución beneficiaria e o carácter singular e exclusivo das competencias que exerce na elaboración e ditame de normas filolóxicas e terminolóxicas para o uso correcto da lingua galega, non é posible promover a concorrencia para a súa concesión.

Retroactividade do gasto

O galego é unha lingua viva en constante evolución que experimenta cambios permanentemente, por iso os obxectivos que perseguen ambas as dúas institucións son actualizala, modernizala e posibilitar o seu uso correcto en todo momento. Todo isto require un traballo continuo, constante e sen interrupción no tempo co fin de revisar a súa lexicografía e gramática, así como os recursos terminolóxicos de cada área e sector de xeito que se podan satisfacer as necesidades lingüísticas que a sociedade demanda continuamente.

Coa finalidade de atender os gastos orixinados pola continuidade nos traballos académicos que se realizan nas seccións de Lingua, Literatura e Historia, así como aqueloutros relacionados coa formación e o patrimonio literario e documental da lingua, consideraranse subvencionables os gastos que se orixinen **dende o 1 de xaneiro do 2020**.

A retroactividade dos efectos do convenio está xustificada considerando que existen motivos lexítimos para manter a continuidade dos traballos da RAG . Asemade, tal circunstancia, non lesiona dereitos ou intereses lexítimos de terceiros de acordo co establecido no artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 26 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





Financiamento

O fin primordial das subvencións nominativas é un investimento directo e inmaterial en beneficio da lingua galega e da súa utilización que, como tradición oral herdada dos nosos antepasados e transmitida aos nosos descendentes, é un importante factor de mantemento da diversidade cultural que serve para transmitir coñecementos, valores culturais, sociais e unha memoria colectiva que resulta fundamental para manter viva a nosa cultura.

A actividade que realiza a RAG xera un incremento no valor da lingua polo que a finalidade desta achega pública está vinculada a un investimento que se ben non ten unha existencia tanxible hai que admitirlle o seu innegable valor na xeración de resultados, que pasan a incorporarse ao noso patrimonio cultural inmaterial.

Os gastos que ten que afrontar a RAG dentro da súa programación anual na realización de traballos e proxectos de investigación en materia de normalización de acordo co que establecen os seus estatutos son moi superiores ao importe das subvencións nominativas que lle vai conceder a consellería para estes fins. Polo tanto mediante estas subvencións non se financiarán o 100% dos gastos da institución senón que se financiarán só unha parte dos seus gastos correntes de funcionamento ao longo do ano, así como investimentos concretos e gastos de capital dos proxectos que estean directamente relacionados coa lingua e a cultura galegas.

Os gastos que poderá xustificar segundo a súa tipoloxía, correntes ou de investimentos serán os seguintes: adquisición de fondos bibliográficos, edición de publicación, actos académicos, actuacións formativas, proxectos de investigación, salarios, material de oficina, ofimática, etc. que sexan necesarios é imprescindibles para desenvolver os traballos lingüísticos.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística revisará a documentación xustificativa dos gastos para os efectos de comprobar que os importes das subvencións se empregan efectivamente no desenvolvemento das actividades vinculadas a estas e que non se financian indiscriminadamente a totalidade dos gastos da RAG.

A finalidade destas subvencións poden considerase como unha actuación de goberno de carácter público e de interese xeral xa que o seu obxectivo é o de obter e contar con recursos necesarios no eido lingüístico, porén estes publicaranse e difundiranse para garantir que estean á disposición de investigadores, estudosos e da sociedade en xeral para a súa consulta e utilización.

Polo anteriormente exposto, considérase adecuado canalizar e regular a súa de concesión mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións co fin de recoller todos os extremos que se establecen no artigo 26 da Lei de subvencións 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o regulamento da citada Lei e regular o réxime de libramentos parciais atendendo a medida que a RAG os xustifique.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque,2
15781 Santiago de Compostela
Tf.: 881 996 301 Fax: 881 996 306
sxpl.secretaria@xunta.gal
www.lingua.gal



O importe total do convenio ascende a **558.500,00 €**, con cargo ás partidas orzamentarias 11.40.151A.481.0, gastos correntes, e 11.40.151A.781.0, gastos de investimento e outros de capital, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, de acordo coa seguinte desagregación:

- 11.40.151A.481.1: 500.000,00 €
- 11.40.151A.781.0: 58.500,00 €

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez



Xacobeo 2021

